

Actividade 7



Consideracións previas

Froito da **inxustiza** na repartición da riqueza é a pobreza, que non debe interpretarse **só como falta de ingresos**. Utilizaremos o concepto de pobreza multidimensional, que a valora a partir de tres dimensións, que á súa vez se desagregan nun total de dez indicadores

Para realizar este exercicio, débese coñecer o concepto de Pobreza Multidimensional: <http://hdr.undp.org/en/node/2515>

Cando se compartan as reflexións dos/das participantes, é posible que estas se centren moito na falta de recursos económicos ou de alimentos, polo que hai que reunir o que vaia saíndo no menor número posible de grupos, tentando que non se repitan moitos conceptos.

Desenvolvemento

Pedir aos/ás participantes que pensen no que lles suxire a palabra pobreza. Deixar un intre para que tomen algunhas notas.

Logo pedir que vaian compartindo o que pensaron, mentres se toma nota na lousa do que vai saíndo. A partir do que saíu, escribir entre todos/as unha definición de pobreza e reflexionar:

- Como representamos á pobreza?, centrámola en aspectos moi concretos?
- Parécenos que é unha definición adecuada?
- Poñer a infografía e explicar a continuación o concepto de pobreza multidimensional.
- Centrar a explicación nos puntos que menos saísen na definición que se fixo a partir do achegado pola clase, comentando en profundidade ata que a definición de pobreza multidimensional quede clara para todo o mundo.
- Parcévos adecuado este enfoque da pobreza?, considerades que a reflicte adecuadamente?



Actividade 8

Consideracións previas

Os **efectos do cambio climático**, diversos segundo a zona, levan a un avance da **erosión** e **desertización** do chan en moitas zonas, o que carrexará unha redución do rendemento agrícola deses chans. Isto ten como resultado unha baixada na produción de alimentos, o que implica un aumento dos prezos. Afectando principalmente as vidas das persoas empobrecidas:

- Caída na produción de alimentos.
- Alimentos máis caros significa peor alimentación.
- A alimentación inadecuada repercute de inmediato nun aumento da mortalidade infantil.
- Afecta o nivel de vida en xeral, porque dedican unha gran porcentaxe dos seus ingresos á adquisición de alimentos.

O cambio climático **repercute tamén sobre a auga**, tanto en forma de redución das precipitacións, xerándose secas, como de aumento das mesmas, xerándose inundacións. Ambas dan lugar a:

- Caída na produción de alimentos.
- Dificultade para conseguir auga potable e contaminación da mesma.
- Dificultades no saneamento, con todos os problemas de saúde que isto implica, especialmente, un aumento importante da mortalidade infantil.
- Destrución de vivendas.

Desenvolvemento

Para comezar, hai que reflexionar sobre a forma en que nos afecta o cambio climático.

Pedir á clase que entre todos/as digan aspectos que consideren que poden ser máis importantes, nos que nos afecta ou vai afectar o cambio climático. Apuntar todo aquilo que vaia saíndo.

Preguntar a continuación se consideran que isto pode afectar de maneira especial ás persoas que están expostas á pobreza multidimensional, segundo o visto na actividade 6. Apuntar o que salga novo.

Proxectar as infografías de marzo, maio e xuño, explicando todo aquilo que sexa necesario.

- Quedounos clara a especial vulnerabilidade dos máis empobrecidos ao cambio climático?
- Consideramos que moitas destas consecuencias do cambio climático afectásenos a nós, ao vivir noutro tipo de condicións?
- Somos conscientes da especial vulnerabilidade dos máis empobrecidos ao cambio climático?

A partir do traballado nesta actividade, podeades extraer reflexións, conclusións ou ideas que vos permitan expor o guión dunha clipmetraxa.